

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de agosto de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE CONEXIÓN Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DENDE AVENIDA DO MUIÑO VELLO Á ESTRADA DE VENTÍN (MILLADOIRO). PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015 .-

A señora alcaldesa por delegación (Decreto 1450/2016) informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 7 de xullo de 2016, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) que se segue para a contratación das obras de **“Conexión ó polígono industrial dende avenida do Muíño Vello á estrada de Ventín (Milladoiro)” PAS convenios, anualidade 2015.**

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a devandita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra **“Conexión ó polígono industrial dende Avenida do Muíño Vello á estrada de Ventín (Milladoiro)” PAS convenios, anualidade 2015**, á empresa **Martínez Montes e Hijos SL**, con CIF B-15025372, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de setenta e un mil cento vinte e dous euros **(71.122,00.- euros)** sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de catorce mil novecentos trinta e cinco euros e sesenta e dous céntimos **(14.935,62.- euros)**

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra Sinalización horizontal nos núcleos de Bertamiráns e Milladoiro a Julio C. Rojo Martínez

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.


Segundo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe da primeira tenente de alcalde, alcaldesa por delegación, en Ames, a doce de agosto de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

A secretaria accidental

A primeira tenente de alcalde
Alcaldesa por delegación (decreto 1450/2016)



Genma Otero Uhía

